



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO REGULAMENTO PARA O USO DOS LOCAIS SOCIAIS, CASAS DO POBO E BENS INMOBLES DO CONCELLO DE SADA

O artigo 43.3 da Constitución Española establece a obriga dos poderes públicos de fomentar a educación sanitaria, a educación física e o deporte, e facilitar unha adecuada utilización do ocio.

O artigo 6 da Lei 33/2023 do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas, di que A xestión e administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións públicas axustaranse aos seguintes principios:

- a) Inalienabilidade, inembargabilidade e imprescritibilidade.
- b) Adecuación e suficiencia dos bens para servir ao uso xeral ou ao servizo público a que estean destinados.
- c) Aplicación efectiva ao uso xeral ou ao servizo público, sen máis excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas.
- d) Dedicación preferente ao uso común fronte ao seu uso privativo.
- e) Exercicio dilixente das prerrogativas que a presente lei ou outras especiais outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade.
- f) Identificación e control a través de inventarios ou rexistros adecuados.
- g) Cooperación e colaboración entre as Administracións públicas no exercicio das súas competencias sobre o dominio público

Por outra banda a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas establece que a xestión e administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións axustaranse, entre outros, aos principios de adecuación e suficiencia dos bens para servir ao uso xeral e ao servizo público ao que estean destinados, aplicación efectiva uso xeral ou ao servizo público, sen mais excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas, adicación preferente ao uso público fronte ao uso privativo, exercicio dilixente garantindo a súa conservación e integridade.

considera uso común dos bens municipais o que corresponde por igual a todos os cidadáns indistintamente, de modo que o uso de uns non impida o de os demais interesados, e uso privativo o constituído por unha ocupación dunha porción do dominio público que exclúa a utilización polos demais interesados. Así mesmo constitúe uso normal o que fora conforme co destino principal do dominio público ao que afecte e uso anormal se non fora conforme ao dito destino.

O que hai que conxugar co establecido no art. 233 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que outorga a posibilidade de que as asociacións municipais accedan ao uso de medios públicos municipais, especialmente os locais, coas limitacións que imponha a coincidencia de uso por varias de elas ou polo concello e establece que serán responsables do trato das instalacións.

A presente Ordenanza, ten por obxecto regular as condicións e os efectos xurídicos da utilización dos locais sociais e casas do pobo e bens inmobles do Concello de Sada destinados a



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

un uso colectivo ou asociacional, coa finalidade de garantir os dereitos dos cidadáns, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro en condicións de igualdade ao uso das instalacións ante unha demanda crecente.

Conforme ao establecido no art. 33.1 LPACAP:

A) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

- a) Establecer os dereitos e os deberes que deben rexer as relacións dos cidadáns con esta Administración en relación aos usos dos seus locais sociais, casas do pobo e bens inmobles destinados a un uso colectivo ou asociacional.
- b) Fixar os principios xerais para impulsar a conservación e uso regulado dos ditos bens.
- c) Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos ditos bens.
- d) As características e o funcionamento dos locais sociais, casas do pobo e bens inmobles destinados a un uso colectivo ou asociacional.
- e) A posibilidade de asinar convenios regulados con Asociacións e/ou Entidades sen ánimo de lucro.

B) A necesidade e oportunidade da súa aprobación:

Todas as parroquias do Concello de Sada, agás Mosteirón, dispoñen dun local social, casa do pobo ou inmovible de propiedade municipal no que o nivel asociativo, veciñal e participativo imparte as súas actividades e iniciativas, incluso sendo sede fiscal das mesmas, e ademais deben poder usarse polo conxunto da cidadanía. Ata o de agora non existía ningún regulamento que dote de carácter oficial dita relación social, xurídica e administrativa, así como a participación activa do Concello nos usos e convenios para a colaboración e coordinación con outras entidades.

C) Os obxectivos da norma:

- a) Establecer lugares de encontro para os veciños do Concello que podan servir de ponte para dar resposta a situacións de soidade e/ou illamento social.
- b) Fomentar as actividades de socialización a través de oportunidades de encontro e relación, como unha das formas máis efectivas de manter ás persoas no seu propio entorno.
- c) Incrementar a convivencia persoal derivada de limitacións de ámbito básico, facilitando a participación en actividades de desenrolo físico-psíquico e ocupacional.
- d) Facilitar o acceso aos distintos colectivos ás actividades lúdicas para a mellora da calidade de vida.
- e) Lograr a participación dos grupos, co fin de que eles mesmos aporten as solucións e propostas de acción.
- f) Articular os mecanismos necesarios que permitan pasar ás persoas dunha actitude pasiva a un comportamento de tipo relacional, no que conflúan novas experiencias e perspectivas de cambio positivas.
- g) Ofrecer información e formación sobre los recursos existentes para a mellora da calidade de vida dos distintos colectivos de usuarios/as, así como o fomento dun ocio creativo.



Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

CONCELLO DE SADA

h) Servir de soporte físico a accións de formación e información conducentes a estimular a xeración de emprego e ao mantemento e crecemento do tecido económico no Concello, atendendo aos distintos colectivos, especialmente a aqueles con especiais dificultades de inserción laboral.

i) Fomentar o hábito da lectura entre os distintos colectivos.

j) Ser punto de encontro para a busca de información con carácter xeral así como punto informativo.

D) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

O Concello de Sada podería optar por:

a) Non regular a materia de forma específica impedindo que as actividades, colaboracións e convenios a desenvolver nos locais sociais, casas do pobo e bens inmobles se regulen de forma oficial.

b) Aprobar un regulamento que se adapte á lexislación estatal en vigor coa suficiente flexibilidade.

Óptase pola segunda opción para dotar ao noso Concello, Asociacións sen ánimo de lucro, veciñas e veciños, accedan dun xeito regulado, seguro, organizado e/ou mediante convenio aos locais sociais, casas do pobo e bens inmobles do Concello de Sada.

Documento asinado dixitalmente pola alcaldesa, María Nogareda Marzoa, na data de sinatura dixital.